

Curso 2021/2022
FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA
NORMAS XERAIS

Dende o día 14 de xuño ata o 23 de xullo, ámbolos dous inclusive, estará aberto o prazo de **MATRÍCULA de Nova Admisión na Escola Municipal de Música Magariños** para o vindeiro **Curso Escolar 2021-2022** para os alumnos que non estiveran matriculados no curso anterior.

Os impresos e demais documentación para formalizar a matrícula estarán á disposición dos interesados na Secretaría do centro, onde, unha vez cumprimentados debidamente, presentaranse **en horario de 10:00 a 13:00 horas, de luns a venres, e, os martes de 16:00 a 19:00 horas**. Ademais, a documentación tamén está dispoñible e a disposición dos interesados na páxina web da Escola. A omisión de datos ou a falta de documentación solicitada por parte do solicitante ou beneficiario do servizo, no caso de non rectificación no prazo determinado para o período de matriculación, dará lugar ao arquivo da solicitude sen máis trámite por parte do centro.

As clases da Escola Municipal de Música Magariños **teñen unhas tarifas de tres cotas trimestrais estipuladas na Ordenanza Fiscal** de Servizos Culturais e Deportivos do Concello de Brión e publicadas no BOP nº 178 do 16 de setembro 2011.

A matrícula na Escola Municipal de Música Magariños só a poderán cursar alumnos e alumnas **empadroados no Concello de Brión**. No caso de non ser cubertas as prazas ofertadas serán cubertas por alumnos non empadroados no Concello de Brión.

O alumnado do curso pasado disporán da mesma praza que ocuparon o curso anterior e non terán facer a matriculación de Nova Admisión. No caso de que **o alumno/a solicite a matrícula nunha especialidade diferente** á realizada ao curso 2020-2021 admitirase por baremo no período de matriculación de Nova Admisión.

Para o alumnado que se matriculan por primeira vez as solicitudes admitiranse en función das prazas vacantes e segundo **o baremo publicado no BOP nº 63 do 10 de abril de 2010**. No caso de non poder contar cunha praza ao inicio do curso quedarán en lista de agarda.

Os documentos necesarios ademais do impreso de solicitude de matrícula serán os seguintes:

- **Fotocopia do DNI ou fotocopia do libro de familia** do alumno/a.
- **Fotocopia do DNI ou fotocopia do libro de familia** do pai/nai e/ou titor/a do alumno/a.
- Ademais deberase entregar unha **foto tamaño carné** do alumno/a.
- No caso de estar en disposición de **algún tipo de desconto** presentarase a documentación necesaria (certificado de familia numerosa, certificado coma membro da Banda de Música Municipal de Brión, varios membros matriculados no centro, certificado de convivencia, etc).

A matrícula non será válida sen esta documentación parcial ou totalmente quedando arquivada a solicitude de matrícula para o ingreso no centro.

DATAS MATRICULACIÓN CURSO 2021/2022	
Período de admisión de solicitudes de nova admisión (período oficial)	Dende o 14 de xuño ata o 23 de xullo
Período de admisión de solicitudes de nova admisión (período fora de prazo)	Ata o 31 de outubro
Publicación das prazas dispoñibles de nova admisión para o curso 2020/2021	10 de xuño
Publicación do horario das asignaturas colectivas	29 de xullo
Publicación das listas de admitidos e listas de agarda	29 de xullo
Probas de acceso ao sistema educativo	2 de setembro
Elección de horario das asignaturas instrumentais. Especialidades: Canto (clásico), Canto (moderno) e Canto (tradicional e folk)	3 de setembro Dende as 16:00 ás 18:00 horas
Elección de horario das asignaturas instrumentais. Especialidades: Piano (clásico) e piano (moderno)	6 de setembro Dende as 16:00 ás 18:00 horas
Elección de horario das asignaturas instrumentais. Especialidades: Saxofón (clásico) e Saxofón (moderno).	7 de setembro Dende as 16:00 ás 18:00 horas
Elección de horario das asignaturas instrumentais. Especialidades: Guitarra (clásico) e Guitarra eléctrica (moderno)	8 de setembro Dende as 16:00 ás 18:00 horas
Elección de horario das asignaturas instrumentais. Especialidades: Clarinete (clásico)	9 de setembro Dende as 16:00 ás 18:00 horas
Elección de horario das asignaturas instrumentais. Especialidades: Frauta Traveseira (clásico) e Gaita (tradicional e folk)	10 de setembro Dende as 16:00 ás 18:00 horas
Elección de horario das asignaturas instrumentais. Especialidades: Trompeta/Fliscorno (clásico), Trompa (clásico), Trombón (clásico), Tuba/Bombardino (clásico) e Trompeta (moderno)	13 de setembro Dende as 16:00 ás 18:00 horas
Elección de horario das asignaturas instrumentais. Especialidades: Percusión (clásico), Batería (moderno) e Percusión (tradicional e folk)	14 de setembro Dende as 16:00 ás 18:00 horas
Pago de taxas (1ª cota trimestral)	Entre outubro e novembro
Pago de taxas (2ª cota trimestral)	Entre febreiro e marzo
Pago de taxas (3ª cota trimestral)	Entre maio e xuño
Concerto inaugural 2021/2022	16 de setembro
Comenzo das clases	20 de setembro
Remate das clases do curso 2021/2022	9 de xuño
Clausura Académica Curso 2021/2022	10 de xuño

ELECCIÓN DE HORARIO DE INSTRUMENTO

A principios de setembro publicarase un calendario de horas para a elección de instrumento que se realizará por sorteo e por grupos onde se determinara por franxa de idade, plan educativo, etc.